

ANEXO IV

ELABORACIÓN E POSTA EN PRÁCTICA DO PLAN

ALGUNHAS POSIBILIDADES DE TRABAJO

- Análise e clarificación conceptual.
- Formación do profesorado na temática: que hai e que se necesita. Vías para satisfacer as necesidades detectadas.
- Habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
- Problemas que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Liñas de colaboración con outras institucións: concello (benestar social, asuntos sociais), sanidade (centros de saúde, planificación familiar, saúde mental...), xustiza (Tutelar de menores, defensa dos/as menores...), igualdade, ONG...
- Análise das causas e das consecuencias dos problemas detectados, realizando a pertinente ordenación en función das prioridades
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do alumnado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do profesorado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva das familias.
- Accións ou propostas para que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Accións ou propostas para mellorar o clima escolar.
- Elaboración consensuada de normas de convivencia de aula e do centro.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.).
- Elaboración de protocolos de notificación e actuación diante das distintas alteracións da convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Vías de sistematización do traballo da convivencia. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión.
- Constitución de equipos plurais de tratamento e de mediación nos centros, equipos integrados por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade: formación, posta en marcha e mantemento do equipo.
- Mellora da comunicación e coordinación inter e intrasectorial: profesorado, alumnado, familias, etc.